

As Pontes

## A biblioteca trasládase ao Venus a través do programa Café con Libros

**C.A.** AS PONTES. A biblioteca renova outra edición do programa Café con Libros, unha iniciativa que xurdiu hai tres anos co obxectivo de achegar a lectura a todos os públicos, cunha visita ao bar Venus, onde tódolos clientes reciben un catálogo coas últimas propostas literarias para este mes.

«Imos chegando pouco a pouco a máis xente e o que notamos é que a través do catálogo algúns interéñanse polos libros, que logo veñen pedir á biblioteca», comenta Anabel Alonso, a responsable desta iniciativa que xa pasou por máis dunha decena de bares e que pretende continuar o percorrido por outros.

Nas propostas deste mes, están algúns títulos que xa recabaron grandes éxitos como 'Ofrenda a la tormenta', de Dolores Redondo; poesías, con 'Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados'; 'O hobbit', un clásico de moda co estreo da terceira parte da triloxía cinematográfica, ou obras centradas no ámbito local como 'El grelo', de José Antonio Parrilla, ou 'Riqueza restaurada. Historia de la mina de As Pontes'. Tamén hai unha parte adicada á música ou aos máis pequenos.

A biblioteca municipal Enrique Rivera Rouco abre de luns a venres, de 09.00 a 13.00 e de 16.00 a 20.00 e os sábados, de 09.00 a 13.00.



Varios clientes achéganse ao libros no Venus. C.ARIAS

Begonte



Reparto de material divulgativo entre os alumnos do Ceip Virxe do Corpiño de Begonte. C.PÉREZ

## A USC e as administracións celebran no Ceip Virxe do Corpiño o Día dos Humidais

► Os alumnos de terceiro a sexto de primaria do centro participaron nunha charla sobre medio ambiente e recibiron material divulgativo

**CRISTINA PÉREZ**

BEGONTE. A USC, a través do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (Ibader) e as distintas administracións, conmemoraron o Día dos Humidais cunha visita ao Ceip Virxe do Corpiño de Begonte, un municipio que conta cunha gran riqueza natural e paisaxística, no que se atopan os Pozos do Olló, entre eles a lagoa máis fonda de Galicia. «Un furado na terra de 18 metros de profundidade», tal e como lle explicaba o técnico do Ibader Marco Rubiños aos alumnos de terceiro,

cuarto, quinto e sexto de primaria do centro begontino que asistiron ao acto.

«Somos moi afortunados, porque dispoñemos de moitos e moi fermosos humidais, algúns naturais e outros artificiais, xurdidos das antigas minas de seixo», explicaba o alcalde de Begonte, José Ulla, ante o alumnado, mentres a deputada provincial de Medio Ambiente, Sonsoles López Izquierdo, lles precisaba que viven na Reserva da Biosfera Terras do Miño, onde hai «tanta agua e de tan boa calidade», ademais de conciencia-

los da importancia «de sentirse orgulloso do sitio onde un vive, para poder coidalo, protexelo e poñelo en valor».

Pola súa banda, José Antonio Grandas, subdelegado de Espazos Protexidos da Xunta, recordaba a existencia en Galicia de cinco grandes humidais protexidos por un convenio comunitario dende o 1971, entre os que se atoparían o LIC Parga-Ladra-Támoga.

Ademais da charla do Ibader, os rapaces recibiron como agasallo material divulgativo sobre o proxecto Life Tremendal.

Guitiriz

## A agrupación socialista inaugurou unha sede nas galerías da Rúa Deputación

**C.P.R**

GUIRIZ. O PSOE de Guitiriz vén de inaugurar un local nas galerías da Rúa Deputación, que vai ser a sede da agrupación polo menos ao longo deste 2015. No acto estiveron presentes afiliados e simpatizantes, a voceira municipal socialista e deputada Regina Polín ou o deputado Álvaro Santos.

O local xa está aberto ao público para calquera que queira acercarse, os mércores pola mañá de 10.00 a 13.30, e os venres e sábados, tamén en horario matutino, de 10.00 a 13.00, e os luns e os xoves, de 17.30 a 19.30 horas.



Álvaro Santos e Regina Polín, na inauguración do local. C.PÉREZ



Inmobiliaria

**JROCA**

API nº 60

www.inmobiliariajroca.fotocasa.es

Abogados

Peritos Agrícolas

Tasaciones inmobiliarias

**VILALBA**, C/ Ciudad de Vivero, se vende baixo en obra de 85 m<sup>2</sup> y entresuelo de 300 m<sup>2</sup>.- 50.000 €

**VILALBA**, San Juan de Alba, se vende garaxe de pedra de 85 m<sup>2</sup> con finca de 300 m<sup>2</sup>, al lado de la carretera de Vilalba a Baamonde.- 14.000 €

**VILALBA**, junto al río Magdalena, se vende finca de unos 3.500 m<sup>2</sup>.

**VILALBA**, Lanzós, se vende finca de 12.000 m<sup>2</sup>, con una construcción de 96 m<sup>2</sup>.

**VILALBA**, C/ Campo de Puente, se vende piso de 94 m<sup>2</sup>, 4 habitaciones y sala, 2 baños, 2 terrazas, ascensor.- 50.000 €

**VILALBA**, Rioaveso, se vende casa independiente, de piedra, 150 m<sup>2</sup> más alpendres, finca de 2.900 m<sup>2</sup>.- 80.000 €

**XERMADE**, Cabreiros, se vende casa de unos 200 m<sup>2</sup> y 715 m<sup>2</sup> de finca.- 48.000 €

**ABADÍN**, Gontán, se vende, conjunta o separadamente, casa de 333 m<sup>2</sup> por planta y solar de 344 m<sup>2</sup>.

**COSPEITO**, Rioaveso, se vende casa de pedra, a reformar.- 30.000 €

**FERROL**, Serantes, se vende parcela de 8.000 m<sup>2</sup>, segregable en 3 parcelas edificables para vivienda unifamiliar.

En Vilalba: Rúa dos Pepes, nº 1-1º  
Telfs.: 982 510 257 / 600 828 720

Inmobiliaria  
**JROCA**